**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 13 DE AGOSTO DE 2018.**

**PRESIDENTE:**
O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

**ASISTENTES:**
D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril
D. Juan C. Iglesias Lovelle
D.ª Marta Mª Iglesias Becerra
D. Miguel Suárez García

**NON ASISTEN:**
D. Diego A. Taibo Monelos
D.ª Mª del Carmen Varela Corbelle
D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes

**INTERVENTORA MUNICIPAL:**
D.ª Vanesa García Barreiro

**SECRETARIA XERAL:**
D.ª Pilar Mª Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta minutos do día trece de agosto de dous mil dezaoito, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Ramón Rioboo Castro e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.ª Marta Mª Iglesias Becerra e D. Miguel Suárez García.

Non asisten á sesión os concelleiros D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.ª Mª del Carmen Varela Corbelle e D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes

Asiste á sesión a Sra. Interventora municipal, D.ª Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a secretaria xeral, D.ª Pilar Mª Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico municipal (BOP do 16/7/2004, núm. 162) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 06 DE AGOSTO DE 2018.**

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP do 16/7/04, núm. 162) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 06 de agosto de 2018, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión. Ao non producirse ningunha intervención, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a aprobación da acta que resulta aprobada por unanimidade dos/as Sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 6 de agosto de 2018.

**2.- DACIÓNS DE CONTA.**

**2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.**

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Decreto 77/2018, do 26 de xullo, da Consellería de Facenda, polo que se regulan as infraestruturas de soporte e os espazos de reserva para o despregamento de redes de comunicacións electrónicas en áreas empresariais promovidas polas administracións públicas de Galicia. DOG núm. 152 do 09-08-2018.

- Resolución do 5 de xullo de 2018, de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, -Dirección Xeral de Emerxencias e Interior-, pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 15 de marzo de 2018 (Diario Oficial de Galicia número 63, do 2 de abril)

pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás agrupacións de persoal voluntario de protección civil de concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos. DOG núm. 152 do 09-08-2018.

- Orde do 23 de xullo 2018, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2018. DOG núm. 152 do 09-08-2018.

- Orde do 1 de agosto de 2018, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión das axudas previstas na Orde do 4 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 ( código de procedemento TR353A). DOG núm. 154 do 13-08-2018.

- Orde do 30 de xullo de 2018, da Conselleria de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se modifica a Orde do 5 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas con personalidade xurídica propia e ás agrupacións de concellos, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e sse procede á súa convocatoria para o ano 2018. DOG núm. 154 do 13-08-2018.

- Anuncio do 2 de agosto de 2018 do Concello de Culleredo, -Secretaría Xeral- relativo á delegación de competencia para celebración de matrimonio civil entre D.S.M.A e R.A.G o día 4 de agosto de 2018 ás 13.00 horas na concelleira da Corporación Dona Penélope López Díaz. BOP núm. 152 de 10-08-2018.

- Anuncio do 2 de agosto de 2018 do Concello de Culleredo, -Secretaría Xeral- relativo á delegación de competencia para celebración de matrimonio civil entre J.A.F.F. E A.C.R.M. E R.M.S e A.R.V os días 3 e 4 de agosto de 2018 respectivamente na concelleira da Corporación Dona Marta María Iglesias Becerra. BOP núm. 152 de 10-08-2018.

- Anuncio do 26 de xullo de 2018 do Concello de Culleredo, -Secretaría Xeral- relativo á delegación de competencia para celebración de matrimonio civil entre M.G.L e R.G.R. o día 28 de xullo de 2018 ás 19.00 horas na concelleira da Corporación Dona María Guadalupe Pombo Carril. BOP núm. 152 de 10-08-2018.

C.I.F. P-1503100-H

**2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.**

2.2.1.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellería delegada da Área de Benestar Social e Igualdade:
"

| ***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao *Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.*** | | | | |
| --- | --- | --- | --- | --- |
| **Data da resolución** | **Nº resolución** | **TEMA** | **Persoa beneficiaria** | **Intensidade** |
| 31/07/18 | 1234 | Dar por desistida a solicitude do servizo | A. C. G. e M. C. G. | |



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | municipal de Axuda no fogar e Xantar na casa e declarar concluso o procedemento. | | |
| 31/07/18 | 1235 | Aceptar o desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar e declarar concluso o procedemento. | J. P. G. | |

****PRESTACIÓNS ECONOMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente *Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013***

| Data da resolución | Nº resolución | TEMA | Persoa beneficiaria | Obxecto da axuda | Importe |
|---|---|---|---|---|---|
| 29/06/18 | 1042 | Concesión dunha axuda económica. | J.A.S.T. | Pago de recibos de auga correspondente ao 1º, 2º, 3º trimestre de 2018<br><br>Pago recibo electricidade correspondente aos meses de novembre 2017 a outubro 2018.<br><br>Bono de alimentos tipo B cunha entrega mensual cunha duración de seis meses. | 1075,68€ |
| 26/07/2018 | 1197 | Concesión dunha axuda económica. | L.J.V.C. | Pago de aluguer correspondiente aos meses de abril (230€), maio (230,€), xuño (230€), xullo (230€) e parte de agosto (155€). | 1075€ |
| 26/07/2018 | 1198 | Concesión dunha axuda económica. | N.R.R.D.C. | Pago de aluguer correspondente ao meses de marzo (400€), abril (400€) e parte de maio (275€) de 2018. | 1075€ |
| 26/07/2018 | 1200 | Concesión dunha axuda económica. | O.E.D.L.P. | Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro (200€), marzo (200€), abril (200€) maio (200€), xuño (200€) e parte de | 1075€ |

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | xullo (75€). | |
| 30/07/18 | 1220 | Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago. | E. P. O. | Pago de recibo de electricidade , correspondente ao período comprendido entre o 11 de abril de 2018 ao 13 de maio de 2018.<br><br>Pago de recibo de auga, correspondente ao segundo trimestre de 2018. | 15,88 €<br><br>60,22 € |
| 30/07/18 | 1221 | Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago. | J. A. C. L. | Pago de recibos de electricidade, por un importe de 40,95 €, correspondente ao período comprendido entre o 17.02.2018 ao 16.03.2018, 53,15 € correspondente ao período comprendido entre o 17.03.2018 ao 16.04.2018, 53,11 € correspondente ao período comprendido entre o 17.04.2018 ao 16.05.2018, 53,16 € correspondente ao período comprendido entre o 17.05.2018 ao 16.06.2018.<br><br>Pago de recibos de gas, por un importe de 22,77 €, correspondente ao período comprendido entre o 17.02.2018 ao 16.03.2018, 23,80 € correspondente ao período comprendido entre o 17.03.2018 ao 16.04.2018, 23,61 € correspondente ao período comprendido entre o 17.04.2018 ao 16.05.2018, 28,85 € correspondente ao período comprendido entre o 17.05.2018 ao 16.06.2018. | 200,37 €<br><br>99,03 € |



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | Pago de recibos de auga, por un importe de 94,29 € correspondente ao primer trimestre de 2018 e 121,16 € correspondente ao segundo trimestre de 2018. | 215,45 € |
| 30/07/18 | 1222 | Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago. | F. J. C. G. | Pago de recibo de electricidade, correspondente ao mes de xaneiro de 2018 (23,44 €), febreiro (25,97 €), marzo (25,08 €), abril (26,05 €), maio (25,98 €) e xuño (25,16 €). | 151,68 € |
| 31/07/18 | 1225 | Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago. | J. M. C. V. | Pago de recibo de auga, correspondente ao primeiro trimestre de 2018. | 58,79 € |
| 21/07/18 | 1226 | Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago. | N. M. V. | Pago de recibo de auga, correspondente ao primeiro trimestre de 2018 (56,65 €) e o segundo trimestre (53,07 €).<br><br>Pago dos recibos de electricidade, correspondente ao mes de marzo de 2018 (17,47 €) e o mes de maio de 2018 (17,19 €). | 109,72 €<br><br>34,66 € |
| 31/07/18 | 1232 | Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago. | M. D.C. L.F. | Pago dos recibos pendientes da cuota da comunidade correspondente aos meses de novembro de 2008 a maio de 2012. por un importe de 25 € cada uno. | |

“

**3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.**



C.I.F. P-1503100-H

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

**4.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Visto e prace

O alcalde

PASTOR NOVO, PILAR MARÍA
Secretaria Xeral
16/08/2018 12:32

RIOBOO CASTRO,
JOSE RAMON
Alcalde-Presidente
16/08/2018 12:47





C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es